



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 1-16 de 18/01/2016

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 01/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 18.01.2016

Hora de convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.00 h

Hora de remate: 20.40 h

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- D. Alberto Covelo Casal
- Dna. Rocío Cambra Castro

- D. Manuel Gómez González
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
- D. Javier Gregores Méndez

- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

AUSENTES

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 18 de xaneiro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas anteriores:
 - a. Aprobación da acta núm. 16/15 de data 03.12.2015.
- 2.- Proposta da alcaldía relativa a elección de xuíz de paz titular.
- 3.-Fiscalización e control dos órganos de Goberno
 - a. Dar conta do Decreto de Alcaldía de data 13.01.2016 que modifica o Decreto de data 15.07.2015 relativo a delegacións xenéricas e delegacións especiais
 - b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XI e Tomo XII 2015.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

c. Dar conta do informe de Intervención Xeral de data 08.01.2016.

Sr. Alcalde: Unha vez máis grazas por estar todos aquí. Imos dar comezo á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal do Concello, a número 01/2016 coa seguinte orde do día: Primeiro punto: A aprobación da acta. A aprobación da acta número 16/15 de data 3 do 12 de 2015. Intervencións sobre a acta?

1. Aprobación das actas anteriores:

a. Aprobación da acta núm. 16/15 de data 03.12.2015.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Sr. Alcalde: Dicar, como ben saben, que houbo un erro nunha das follas da acta o cal tivo que volver a convocarse esa que faltaba de novo pola Policía porque había un erro nunha folla. Téñena aí no expediente. Ademais notificóuselle, e nada. Intervencións si? Señor Gómez. Perdón.

Sra. Fernández: Boas tardes. Eu tamén quería comentar que hai un erro nunha das intervencións que cando falei eu puxeron o nome de señora Durán en rogos e preguntas. Non. Non a trouxen agora. A verdade é que non a trouxen agora. Si, no apartado de rogos e preguntas, eh? Xa, xa, non sei se tela aquí... A verdade é que... Si, é na 49.

Sr. Alcalde: Si, si...

Sra. Fernández: Ah, si, si... Exactamente. En "ola, boas noites".

Sr. Secretario: Esa intervención sería tuya no?

Sra. Fernández: Si. Nada máis, grazas.

Sr. Alcalde: Ben, grazas, algunha intervención máis? Señor Juan González?

Sr. González: Eu tamén para corrixir que na páxina 6 e na páxina 11 cando se refiren a min poñen Jose Antonio González Rodríguez tanto na 6 como na 11 e son Juan Antonio. Nada máis. Grazas.

Sr. Alcalde: Vale, perfecto. Toma nota o señor secretario deses erros para a corrección da acta. Algunha intervención máis? Ningunha? Sometemos á votación este punto.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 13/15 de data 08.10.2015.

2.- Proposta da alcaldía relativa a elección de xuíz de paz titular.

Sr. Alcalde: Punto núm. 2: Proposta da alcaldía relativa á elección do xuíz de paz titular. Neste senso hai que ratificar a inclusión da orde do día. Si, señor Guitián.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP abandonan o salón de actos antes de proceder á votación da declaración de urxencia e inclusión na orde do día deste punto.

Sr. Guitián: Por unha cuestión de orde, quixera saber por que esta sesión é extraordinaria.

Sr. Alcalde: Si, me di o señor secretario e eu entendo que era así salvo erro que como digamos que está convocado e se celebra este Pleno fóra da data normal do primeiro xoves de mes, pois que tiña que ser extraordinario.

Sr. Guitián: Permíteme?

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Guitián: Voulle a ler os antecedentes da convocatoria: "O pleno do Concello de Gondomar na súa sesión extraordinaria organizativa do día 13 de xullo de 2011. Do 2011 non debe ser; debe ser 15 acordou entre outros establecer a periodicidade mensual na celebración das sesións ordinarias e fixalas nos primeiros xoves de cada mes ás 20 horas agás no mes de agosto e no mes de xaneiro en que se celebrará na data previamente consensuada coa Xunta de Voceiros de acordo co calendario laboral de cada ano. Ano 2015, xaneiro, a sesión acordada na Xunta de Voceiros foi ordinaria. Ano 2014, xaneiro, a sesión foi tamén ordinaria acordada na Xunta de Voceiros. Tivemos unha Xunta de Voceiros; acordamos que fora hoxe.

Sr. Alcalde: Rematou señor Guitián?

Sr. Guitián: Si, si.

Sr. Alcalde: Pois, a ver, ía dicir. Non sei que dicirle, pero iso non o podo dicir, teño que saber o que lle vou dicir, obviamente. Si, pois pode que teña razón, o que pasa é que ben, eu neste sentido, como ben sabe, dende logo, prefería que fose ordinaria e non extraordinaria por moitas razóns; preguntas, mocións, e todo iso. O que pasa é que ben, neste senso, como vostede sabe tamén, o secretario pois me di que era extraordinaria. Ao mellor si que é un erro pois pola miña parte nese sentido de, vamos, non digo de confiar, de deixarme levar pois polo que me di o secretario municipal que todo aquilo que sae da periodicidade normalmente está establecido que son extraordinaria. De feito, pois, o xeito de que sexa así ten que vir como vén, e a min, se me permite neste sentido, tomo nota e dende logo pois, sen prexuízo do que teñamos que facer hoxe para a próxima si que, si así non volverei a cometer ese erro. Ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Señor presidente. Imos ver. Vostede, tivemos unha Xunta de Voceiros o outro día e eu levei unha moción que presentei alí, e dixen que a ía presentar neste Pleno. De verdade é que a moción, probablemente, hoxe xa non tivera moito sentido traela, pero foi presentada alí. O feito de facer unha sesión extraordinaria cando podía facela ordinaria porque así o din os antecedentes e o di a norma, é, enténdame ben unha falla de respecto a este grupo porque nós inhibe a posibilidade, de presentar esa moción precisamente. Con respecto ao punto que vén hoxe aquí, agora, o punto 2: Proposta da alcaldía relativa á elección do xuíz de paz titular. Outro erro, ao meu entender, ao entender dese Grupo. Eu ínstolle, nós instámoslle a que retire este punto da orde do día. É outro erro de procedemento que quizais non está sostido en ningunha norma, pero si que está sostido no respecto democrático e no bo facer que se fixo ata de agora. Normalmente, a elección do xuíz de paz era consensuada na Xunta de Voceiros. Tivemos unha Xunta de Voceiros hai unha semana. O mércores pasado se non me lembro mal. Non se falou nada deste punto. Ínstolle, pedímoslle que o retire da orde do día e que continúe o Pleno co resto e se organice a Xunta de Voceiros cando vostede o decida e se fale este punto e se traia no seguinte Pleno que está pactado se non me lembro mal o 11 de febreiro que, por certo, vai ter que ser extraordinario tamén. Grazas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas a vostede. Imos a ver. Por partes. Sobre se esta sesión é ordinaria ou extraordinaria cabe a dúbida se ten razón vostede ou ten razón os servizos xurídicos do Concello sobre se debería ser ordinaria ou extraordinaria. Eu dígolle que nese senso, analizarémolo. Non invalida para nada este Pleno nin os acordos que se adopten, que unha sesión sexa ordinaria ou extraordinaria. Ben, sobre ese tema, non vai haber ningún outro cambio. Imos a celebrar o Pleno. Respecto a retirar o punto da orde do día. Tampouco vou a facelo. Primeiro, porque a elección do xuíz de paz é unha elección que se fai en sesión plenaria por maioría, os asistentes, os membros e para aquí estamos para debater e todo o que teña vostede que dicir sobre o nomeamento do xuíz de paz se pode dicir tranquilamente aquí en sesión plenaria perante á veciñanza. A Alcaldía trae unha proposta; manter no seu cargo, se procede, ao xuíz de paz e non imos a retirar o punto da orde do día. Ben, sobre a presentación da moción que vostede presentou na Xunta de Voceiros, perdoe que lle diga, pois varias cousas, pero unha delas. O sitio e o lugar, os modos e as formas de presentar unha moción non é nunha Xunta de Voceiros. Oficialmente, oficialmente, vostede se presenta unha moción ten que facela polo Rexistro do Concello e presentala. Vostede achegou unha moción que se viu alí perante aos voceiros para dicir que tiña unha moción e que nos pedía se tiñamos pensado apoiala. Foi así. Ensinounos unha moción; a cal nos dixo que quería presentar o Partido Popular unha moción que versaba sobre a Área Metropolitana e se podíamos contar co, se vostede podía contar co apoio dos voceiros que alí estabamos convocados dos distintos grupos políticos. Dixémoslle que teríamos que estudar esa moción e que despois cada grupo político que faría o que lle parecera ben; apoiala ou non. Vostede presentou a moción por escrito. Presentouna, pero non alí nese momento da Xunta. Na Xunta non era o lugar. Na Xunta de Voceiros. Perdón?

Sr. Guitián: Permíteme?

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Guitián: O que quero dicirle é que vostede era coñecedor de que había unha moción. O feito de que convoque un pleno extraordinario cando pode convocar un ordinario. É o que lle estou dicindo, non? Non estou entrando no fondo da moción nin no feito de que se presentara alí, senón que vostede era coñecedor de que se ía presentar. En canto vostede, dixéralle, que tamén se dixo alí, que se ía facer alí a comisión informativa presentada por Rexistro. Diso era do que se trataba. A iso me refiro. O feito de que vostede era coñecedor. Se é coñecedor, vai convocalo pleno pois poderá ter en conta de que se hai unha moción, por que vou facer un pleno extraordinario se o podo facer ordinario?

Sr. Alcalde: Ben

Sr. Guitián: É que claro... Ninguén di que...

Sr. Alcalde: Para...

Sr. Guitián: Eu xa non quero falarlle máis diso. Dá igual. Mire...

Sr. Alcalde: Pero eu contéstolle.

Sr. Guitián: Prefiro ir a outro punto para intentar rematar pola nosa parte. Imos a ver, a nós, eu vólvolle a instar, a pedir que retire este punto da orde do día e que se leve como se levou sempre, que é como, que entendemos que se debe facer. É un respecto democrático. É un respecto ao resto dos grupos, en concreto con este grupo. E llo pido, que o retire porque senón nós non queremos participar neste punto de debate e deste Pleno. Se este é o caso.

Sr. Alcalde: Contéstolle.

Sr. Guitián: Entón eu pídlle que o retire para que se faga como se fixo sempre; nunha Xunta de Voceiros consensúase e logo tráese ao pleno que foi o que se fixo sempre. E nada máis.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: Rematou? Rematou?

Sr. Guitián: Senón nós retirámonos.

Sr. Alcalde: Rematou? Ben, pois a ver, para ir avanzando. Dígolle novamente. Non se vai retirar o punto da orde do día da elección do xuíz de paz. Se vostedes deciden levantarse e marchar é un problema de vostedes. Nós continuamos o Pleno e eliximos o xuíz de paz, é de democrático, nunca mellor dito, nada mellor que nun Pleno da Corporación para debater. Polo tanto, señor secretario, tome nota de que levantan a sesión o Grupo Popular e que abandonan o Pleno. Continuamos co mesmo. Punto núm. 2: Proposta da Alcaldía relativa á elección do xuíz de paz titular. Debemos ratificar a inclusión deste punto da orde do día por non haber sido ditaminada na comisión informativa e que por outra parte non se puido facer porque tivemos unha Xunta de Voceiros o día 14 e para que dese tempo; a única maneira de facer a comisión o día 15, senón xa non se podía facer. Non se podía facer o 15 porque non daba tempo a notificala e entón, dende Secretaría, dise de ditaminalo a posteriori e ratificar a inclusión deste punto para traer, para traer a Pleno o nomeamento. Ratificamos entón aí a inclusión deste punto da orde do día.

VOTACIÓN DECLARACIÓN DE URXENCIA E INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA

O Pleno da Corporación municipal, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros: 13 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor, 3 do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto, e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; e ningún voto en contra e ningunha abstención, coa ausencia dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, ratifica, de acordo co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a urxencia e a inclusión na orde do día da proposta que presenta Alcaldía relativa á elección de xuíz de paz titular.

Polo Sr. alcalde dáse lectura da proposición de Alcaldía de data 18.01.2016, que literalmente di:

“Considerando a comunicación efectuada pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia mediante escrito de data 25/09/2015 (RE n° 5789 de 29/09/15) instando a incoación do procedemento para a elección do Xuíz de Paz titular deste concello no prazo de tres meses, ao abeiro do establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo do poder xudicial (LOPX).-

Instruído o procedemento administrativo nos termos sinalados na LOPX e no Regulamento 3/95, de 07 de xuño, presentáronse, nos termos relacionados na dilixencia asinada polo funcionario encargado do Rexistro xeral con data de 15/01/2016, as seguintes solicitudes que dispón de tódolos documentos esixibles na convocatoria para participar nela:

<i>D. Manuel Rodríguez González</i>	<i>(RE n° 7675/15)</i>
<i>Dñ. M^a Cruz Lamas Ambroa</i>	<i>(RE n° 7739/15)</i>
<i>D. Daniel Sanroman Soto</i>	<i>(RE n° 7775/15)</i>

Considerando a experiencia amosada por D. Manuel Rodríguez González no desenvolvemento das súas funcións, así como o coñecemento e as boas relacións coa veciñanza que permiten garantir o cumprimento dos principios de mérito e capacidade de dito candidato para ocupar a praza de Xuíz Titular do Xulgado de Paz e que nel concorren as condicións de capacidade e compatibilidade contidas no título II do Regulamento 3/95, de 07



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

de xuño, e nos arts. 102 e 301 e seguintes da LOPX,

Considerando que o acto de elección polo concello do Xuíz de Paz ten natureza discrecional, é dicir, é o resultado dunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas ou entre indiferentes xurídicos, porque a decisión fundamentase en criterios extraxurídicos non incluídos na lei e remitidos ao xuízo subxectivo da Administración nos termos sinalados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial (Acordos de 15/01/97-recurso n° 109/96, 22/09/99-recurso n° 26/99, 05/04/00-recurso n° 201199, 14/07/01-recurso n° 141/01, 19/11/02-recurso n° 221/02)

En aplicación da atribución, conferida polo art. 6 do Regulamento 3/95, de 07 de xuño, ao Pleno da corporación municipal pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- Propor á D. Manuel Rodríguez González, con D.N.I. n° 35992549X como Xuíz Titular do Xulgado de Paz do Concello de Gondomar e dar traslado do acordo que, no seu caso se adopte, á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Sr. alcalde: Esta é a proposta do Goberno, da Alcaldía, para o nomeamento do xuíz titular de Xulgado de Paz que vén sendo, mantendo á mesma persoa que dende anos vén desempeñando o cargo e esa é a nosa proposta. Intervencións ao respecto? Señor Gómez. Grazas.

Sr. Gómez: Boas tardes, noites, a todos e a todas. Imos ver, encontrámonos aquí nun dilema non? Cando hai que elixir entre tres persoas neste caso, pero, imos ver, nós indicar que destes tres hai que elixir a un. Un ten que ser o xuíz neste caso, non? Sen quitar o mérito ás outras dúas persoas. Nós imos nomear a unha neste caso, claro, por suposto, pois vai a ser unha persoa, e ben, sen quitar o mérito, e sabendo que algunha delas como é o caso de María Cruz Lamas, non? que foi a secretaria da Alcaldía durante catro anos. Todos coñecemos aquí o labor no Concello. Penso que foi perfecta, e todo iso, pero ben. Despois temos o labor do xuíz actual que é don Manuel Rodríguez González que durante catro anos, dende o noso punto de vista, dende o Grupo Iniciativa por Gondomar, fíxoo dunha forma exemplar, estando nos sitios, coa súa representación onde tocou sempre e ben, eu penso que foi; o dicía o alcalde na súa proposta, non? Que ben, cara á veciñanza e todo, pois é unha persoa moi querida, que foi moi querida neste pobo nestes catro anos como xuíz. Pois iso, o que dicía antes, non? E repítoe outra vez, que o fixo de forma exemplar. Desde o noso Grupo Iniciativa por Gondomar pois iso nos leva, unha cousa é elixir entre tres, non? Pero ben, neste caso é darlle continuidade ao xuíz que está, entón pois non hai motivo algún dende o noso punto de vista para facer un cambio e que sexa outra persoa. Polo cal, nós imos, o noso apoio, o noso voto vai ser para o xuíz actual, que leva estes catro anos, e neste caso, don Manuel Rodríguez González co apoio de Iniciativa por Gondomar. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas a vostede, señor Gómez. Señor José Villar ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Grazas. No principio, boa tarde a todos e a todas e quería desculpar á non asistencia do meu compañeiro Pauliño del Río por motivos laborais e ben, dende o noso Grupo, dende Gondomar Concello Aberto, consideramos que a proposta para o nomeamento do xuíz de paz é un tema moi importante para Gondomar e para toda a cidadanía e non ten cabida unha decisión que polo noso lado é unilateral con esta proposta do alcalde. É importante tratar de xerar consensos ou canto menos intentalo. Tanto para o nomeamento do xuíz de paz neste caso, como noutros moitos temas de interese xeral. No Goberno hai que xerar consenso, senón, neste caso tamén no conxunto da Corporación non estaría de máis. Pensamos que tamén que a responsabilidade do señor alcalde é contribuír a este debate, previamente ao pleno non estaría de máis, ter consensuado esta postura cos Grupos do Goberno xa o digo e co resto da Corporación. Por outra banda, nin se comentou o tema na Xunta de Voceiros nin



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

moito menos na Comisión Informativa, xa que non existiu. E non consideramos de recibo que unha organización política, neste caso, Gondomar Concello Aberto que forma parte do Goberno se entere da inclusión deste punto na orde do día na propia convocatoria e, por todo isto é que o noso voto vai ser a abstención. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, señor José Villar. Intervencións? Señor Araújo?

Sr. Araújo: Grazas, señor alcalde. Boas noites. É unha lástima que os compañeiros de Corporación do Partido Popular e o señor Guitián marcharan e marcharan desta maneira deixándonos aquí unha especie de elección de consenso que sei que eles practicaron durante 4 anos e levantarse e marchar porque as cousas non son así. Entón, eu teño bastante boa memoria e vin algúns nomeamentos de xuíces de paz e teño que dicir que nunca foron consensuados pola Corporación. Nunca. Incluído o último. Polo tanto, é unha lástima, insisto, que o señor Guitián pois non estea aquí para poder debater con eles. Polo tanto, non procede este debate. Dito isto, quero dicir tamén no nome do meu Grupo que a valía das tres persoas que se propoñen é indiscutible. Calquera das tres podería desempeñar perfectamente o cargo sen ningún tipo de problema, pero nós imos ser coherentes co que defendemos sempre, que defendín eu, e que os meus compañeiros do Grupo asumen disciplinadamente por dicilo así dalgunha maneira simpática, asumen a historia que nós sempre defendemos que o xuíz de paz por ser unha figura importante ao mellor sen moito xogo xudicial, é posible, pero en todo caso, é unha figura importante dentro do organigrama municipal, non? Ou político municipal, como se queira chamar. Polo tanto, nós botamos de menos ese consenso. Non entre o Goberno, que tamén obviamente, senón con toda a Corporación. Recoñecemos a lexitimidade e a potestade do alcalde para traer a súa proposta a este Pleno, obviamente. Insisto. É a súa potestade de facelo, nós insistimos en que iso debe ser feito de maneira consensuada con toda, con toda a Corporación e, polo tanto, sen entrar en máis fonduras, o voto noso vai ser de abstención tamén. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, ben, pois obviamente o Partido Socialista vai apoiar ao actual xuíz de paz porque entendemos que non procede facer ningún cambio dado o seu labor e se me permiten, vou dicir, porque eu creo que as cousas hai que dicilas tamén. Vou dicir porque isto viu así, e non viu de todo correcto. Teñen razón os meus compañeiros de Goberno, e teñen razón ao mellor a oposición e toda a Corporación. O que pasa é que moitas veces para consensuar as cousas primeiro hai que ter tempo para consensualas e querer consensualas e, explícome, é verdade que querían un Pleno extraordinario. Había que facer o pleno, claro que si, porque tocaba. Fíxose un Pleno extraordinario porque eu entendía, e así mo dixo o secretario, que se sae do que é a data do primeiro xoves de mes ten que ser extraordinario, coas súas peculiaridades que ten un pleno extraordinario que non pode traerse mocións e demais. Ben, pero había que facer un pleno porque así o queríamos todos. Entonces non coincidía a data do primeiro xoves e tiña que ser extraordinario e, por outra banda, pois tamén teño que dicilo, que se non incluío este punto na orde do día de traer o nomeamento do xuíz de paz non había nada que traer ao Pleno. Entón, se queremos pleno hai que traer cousas, e se queremos traer cousas ao mellor hai que traelas de présa e correndo como este caso, e non temos tempo a consensualas e a xuntarnos todos sete días antes para falar e ter claro o que temos. Asumo a miña culpa porque ao final isto é da orde do día dos plenos. Os plenos é un tema do alcalde, e a culpa neste caso é só miña e seguirá sendo miña mentres sexa alcalde do que vén ao pleno, de cómo vén, se vén mal, se os plenos se fan con contido, ou non se fan con contido. Tamén digo que estou aquí e estou aprendendo. Levo seis meses e non é fácil. Voume encargar moi seriamente como non podía ser doutra maneira de que non volva a ter erros nin na convocatoria, nin se é ordinario ou extraordinario, nin se vén unha cousa ou vén outra. Voume centrar detidamente a isto. Crerme e a pórme os meus deberes. Grazas. Se non hai nada máis sometemos... Señor Gómez.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. Gómez: Señor alcalde, acaba de botar unha bronca agora, entendín coa Corporación, imaxínome que será cos seus socios de Goberno e aos compañeiros de Goberno, porque para traer, porque para facer un pleno hai que traer puntos na orde do día e iso ten que ser o Goberno quen os propón. Na oposición, o noso Grupo Iniciativa por Gondomar, que somos a oposición, nós temos que traer mocións e para traer mocións tería que ser un Pleno ordinario e neste caso podía ser ordinario, ao parecer, eu penso que pode ser ordinario, ademais pono na convocatoria, pero ben, por circunstancias, fíxose extraordinario e non imos a darlle máis voltas. Ao ser extraordinario pois non temos a posibilidade de traer mocións, pero o tema, os puntos do pleno é cousa de vostede e de todos os que están no Goberno que creo que son dez, paréceme. Quero deixar aclarado que esa bronca, home, se fora para nós, ben, o matizaría e entraríamos en materia pero neste caso, o Grupo Iniciativa por Gondomar e o resto dos compañeiros ben, do outro Grupo que acaban de marchar, penso que non son culpables disto e aqueles, que se exculpen eles. Nós non somos culpables de que non teñan puntos para traer. É unha pena que non teñan puntos e é preocupante para esta vila de Gondomar. Me preocupo Gondomar. Eu son unha persoa, sempre o dixen aquí e non o digo por dicilo, preocúpame moito este Concello por iso estou aquí e por iso son concelleiro porque fun elixido polo pobo para defender, e é preocupante desde que foi creo o último Pleno o 3 ou o 4 de decembro de que ben, que veñamos e que non haxan puntos, e que haxa que traer un punto que ate incluso sen ditaminar. Si que tivo tempo antes, habería que ter a Xunta de Portavoces antes e teño as miñas dúbidas se a comisión que había que nomear se era económica ou se era unha comisión informativa de pleno, se era unha comisión informativa de pleno con 48 horas chegaría pero ben, son un cúmulo de historias, de cousas que ben, que son preocupantes e que Iniciativa por Gondomar non ten culpa nada disto. O sofre, o está sufrindo como calquera, o estamos sufrindo como calquera veciño de Gondomar. Penso que é un pouco, imos dicir, un pouquiño falta de eficiencia. Nada máis. Quero que quede claro e que diga que esa bronca non foi para nós porque non somos culpables. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Ben, damos por concluído este debate, señor Gómez. Tomo nota e ten toda a razón. Non era unha bronca, era unha bronca a min mesmo, pero ten razón. Vostede non ten por que estar nesta tesitura. A bronca era para min e grazas, sometemos á votación entón este punto do nomeamento do xuíz de paz.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 7 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal I.X.G., 05 abstencións: 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor e 2 do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto e ningún voto en contra e a ausencia dos membros do Grupo Municipal do PP, non acada a maioría absoluta prevista no artigo 101.2 da Lei orgánica do Poder Xudicial para aprobar esta proposta de Alcaldía relativa á elección de xuíz de paz.

Sr. alcalde: Queda aprobado este punto e queda nomeado xuíz de paz do Concello de Gondomar.

Sr. Villar: Desculpe, alcalde, por unha cuestión de orde, para aprobar o punto non ten que haber unha maioría absoluta? Pregunto.

Sr. Alcalde: Agora lle contesta o señor secretario municipal que...

Sr. Villar: Grazas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: Ben, dime o secretario que efectivamente fai falla maioría absoluta para a aprobación do nomeamento do xuíz de paz, iso implica 9 votos, polo tanto, rectifico. Non queda nomeado o xuíz de paz. Volverá a pleno e 7 votos a prol, 6 abstencións, 5, perdón, porque Pauliño del Río non está e nada, para o próximo pleno. Si, si, señor Gómez.

Sr. Gómez: Unha pregunta, e senón houberan marchado os 4 compañeiros que marcharon, e eles votaran por unhas das outras dúas opcións, non? Seguiría sen maioría, non? E agora se trae a outro pleno e a votación é a mesma, non? Os catro compañeiros da Corporación que marcharon votan por un dos dous, dos compañeiros que se abstiveron e nós imos votar e que pasa? Queda sen elixir xuíz en Gondomar?

Sr. Alcalde: Non, segue o xuíz ate o nomeamento.

Sr. Gómez: Obviamente. E se non hai. Se non se chega a un acordo? Non estou poñendo a cousa no peor dos casos. É unha pregunta, xa que o Pleno é curto, e xa estamos rematamos o caso, era unha pregunta a título de curiosidade.

Sr. Alcalde: Seguro, seguro que está establecido.

Sr. Gómez: Correcto

Sr. Alcalde: Non se preocupe.

Sr. Gómez: Correcto. Vale.

Sr. Alcalde: Non se preocupe que para a próxima. É o problema que temos que resolver nós, os 17 que somos os representantes dos veciños. Para ben ou para mal. E aquí o bo que teñen os plenos é que todos decidimos. Todos actuamos libremente como é propio en democracia, e cada un, pois, responde do seu. Eu pola miña parte, teño claro no seguinte pleno quen vai ser a proposta. Eu falarei cos socios do Goberno obviamente cando fagamos o próximo pleno e se o traemos consensuado, falarei con vostede e falarei co Partido Popular. Non hai problema ningún para elixir o xuíz de paz e nada. Que máis quere que lles diga?

5.-Fiscalización e control dos órganos de Goberno

a. Dar conta do Decreto de Alcaldía de data 13.01.2016 que modifica o Decreto de data 15.07.2015 relativo a delegacións xenéricas e delegacións especiais

Pola Presidencia dáse conta do devandito decreto que literalmente di:

“Visto o Decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2015, relativo a delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno Local, en relación coas delegacións efectuadas a favor da concelleira Dna. Nuria Lameiro Salgueiro e do concelleiro D. Juan Antonio González Rodríguez, que literalmente di:

No uso das competencias que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF) e no exercizo das atribucións recoñecidas polos artigos 21.1.a) da Lei 7/85, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia,

Primeiro.- Efectuar as delegacións xenéricas das áreas que a continuación se detallan:

ÁREA	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
...	
CULTURA, DEPORTES E IGUALDADE	Nuria Lameiro Salgueiro



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

...	
...	
...	

Coas seguintes condicións específicas no exercizo das citadas delegacións:

- A responsabilidade conferida cingúese a dirección e xestión das áreas correspondentes baixo a autoridade da Alcaldía que manterá as súas atribucións de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a ordenación do gasto correspondente

Segundo.- Efectuar as delegacións especiais dos seguintes servizos que a continuación se detallan:

SERVIZO	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
...	
...	
...	
TRÁFICO E SEGURIDADE	Juan Antonio González Rodríguez
...	

Coas seguintes condicións específicas no exercizo das citadas delegacións:

- A responsabilidade conferida comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír en ningún caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

pola presente RESOLVO:

Modificar o devandito Decreto do seguinte xeito:

Primeiro.- Efectuar as delegacións xenéricas das áreas que a continuación se detallan:

ÁREA	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
CULTURA, DEPORTES, IGUALDADE E XUVENTUDE	Nuria Lameiro Salgueiro

Coas seguintes condicións específicas no exercizo das citadas delegacións:

- A responsabilidade conferida cingúese a dirección e xestión das áreas correspondentes baixo a autoridade da Alcaldía que manterá as súas atribucións de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a ordenación do gasto correspondente.

Segundo.- Efectuar as delegacións especiais dos seguintes servizos que a continuación se detallan:

SERVIZO	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
TRÁFICO, SEGURIDADE E EDUCACIÓN	Juan Antonio González Rodríguez

Coas seguintes condicións específicas no exercizo das citadas delegacións:

- A responsabilidade conferida comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír en ningún caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro.- Notificar o presente Decreto ao interesado para o seu coñecemento e efectos. Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte do presente Decreto, de conformidade co disposto no artigo 44 do ROF."



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XI e Tomo XII 2015.

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2015 dende o:

2050/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa permanente de asuntos do pleno e seguimento órganos de goberno do concello n.º 11-15.

2051/10 do 02 de outubro de 2015, Resolución relativa a Adxudicación do procedemento de contratación do servizo de prestación do servizo de monitores nas escolas deportivas municipais. Exp. C109/14.

2052/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005695 23.09.15.

2053/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005695 23.09.15.

2054/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005695 23.09.15.

2055/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Solicitud de D. Florindo Villar Abreu para a devolución de ingreso de taxa de licenza urbanística (exp. 9669) para a construción de vivenda unifamiliar e peche en Vacarías-Couso (Gondomar).

2056/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Acta da Comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2057/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Acta da Comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2058/10 do 01 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005503 16.09.15.

2059/10 do 02 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005553 17.09.15.

2060/10 do 02 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005553 17.09.15.

2061/10 do 02 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005553 17.09.15.

2062/10 do 02 de outubro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005553 17.09.15.

2063/10 do 05 de outubro de 2015, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 24/2015.

2064/10 do 05 de outubro de 2015, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 62/2015 na modalidade de Transferencia de Créditos.

